



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria da actividade 2022

Índice.

As competencias e organización da FGC	3-7
<i>Funcións e competencias</i>	4-5
<i>Organigrama FGC</i>	5-6
<i>Organización territorial</i>	6
<i>RESUMO</i>	7
As competicións deportivas	8- 19
<i>Calendario oficial</i>	9-11
<i>Galicia, sede de alto nivel nacional e internacional</i>	11-14
<i>Palmarés da Seleccións Galegas</i>	14-18
<i>RESUMO</i>	19
A caza, deporte federado	20-30
<i>Necesidade da remuda xeracional</i>	22-23
<i>Deporte federado</i>	23-29
<i>RESUMO</i>	30
As entidades deportivas federadas e os Terreos cinexéticos	31-35
<i>Entidades deportivas federadas</i>	32
<i>Tecores, explotacións cinexéticas e zonas libres</i>	33-34
<i>RESUMO</i>	35
A caza maior	36-42
<i>Cupos e capturas da caza maior</i>	37-39
<i>Seguros de cotos e accidentes de tráfico por especies cinexéticas</i>	39-41
<i>RESUMO</i>	42
A FGC ao servizo dos seus afiliados	43-54
<i>Formación do cazador: cursos de caza</i>	44
<i>Asesoría Xurídica</i>	45
<i>Emisoras de radiofrecuencia</i>	46
<i>Club de Descontos</i>	47
<i>Asesoría veterinaria e trámites REGIAC</i>	48
<i>Xuventudes pola Caza</i>	49
<i>A comunicación da FGC cos seus afiliados</i>	50-53
<i>RESUMO</i>	54
A axenda federativa	55-59

As competencias e organización da FGC

As competencias e organización da FGC.

1. FUNCIONS E COMPETENCIAS.

- A FGC é a **única entidade que representa o deporte da caza na CCAA de Galicia.**
- A FGC é a **única entidade que agrupa aos deportistas/cazadores e ás sociedades, clubs e asociación,** entros colectivos, que se adican á práctica do deporte da caza ou outras actividades que con ela se relacionen.
- A FGC exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, **actuando como axente colaborador da Administración Pública.**
- A FGC é o **único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma de Galicia,** na esfera das súas competencias.

Competencias propias.

- **Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas** en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- **Coidar e defender ante a opinión pública e ante as institucións de carácter privado ou público a figura do cazador** como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- **Defender os lexitimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas,** promovendo cantas accións considere convenientes ou necesarias a estes efectos.
- **Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía** dirixidas á defensa do medio natural.
- **Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería,** a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- **Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza,** por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionen co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coaduvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- **Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e mellora do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas.** A FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- **Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais,** relacionados co deporte da caza, así como propoñerlle as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexitimos intereses dos cazadores.
- **Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza mediante actividades dirixidas á xuventude,** favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.

Competencias delegadas.

Baixo a tutela da Administración deportiva, a **FGC** **exerce, en réxime de exclusividade, a promoción e divulgación do deporte da caza en todas as súas facetas**, entroutras funcións públicas delegadas.

2. ORGANIGRAMA DA FGC.

Os órganos da FGC estrutúranse en:

Órganos de goberno e representación	• Asemblea xeral • Comisión delegada da asemblea • Presidente
Órganos complementarios dos de goberno e representación	• Xunta directiva • Comisión executiva • Secretario xeral • Tesoureiro
Órganos técnicos e asesores	• Comité de disciplina deportiva • Comité de xuíces e árbitros • Comisión de xuventudes • Comisión de competicións • Comité de mediación, conciliación e arbitraje

Eleccións á asemblea, presidencia e comisión delegada.

Durante o ano 2022, de conformidade coa normativa electoral vixente, levouse a cabo o correspondente proceso electoral para a **elección da nova asemblea xeral, presidente e comisión delegada**.

Elección da nova asemblea xeral.

Constitúen a nova asemblea xeral, despois de quedar vacantes dúas prazas (unha de deportistas e outra de DGAN), os seguintes representantes de todos os estamentos que integran a FGC, incluído presidente:



	CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL				Total asembleistas
	CO	LU	OU	PO	
Estamento de entidades deportivas	18	21	10	16	65
Estamento de deportistas	6	5	2	5	18
Estamento de xuíces e árbitros	5	2	0	3	10
Estamento de outros colectivos (xuventudes)	2	2	0	1	5
Total asembleistas por circunscrición	31	30	12	25	98

Elección da comisión delegada.

A comisión delegada é o órgano interasambleas, dela forman parte 9 membros máilo presidente. Seis dos seus membros foron proclamados como electos pola xunta electoral con data 7-12-2022 e os tres restantes serán designados polo novo presidente trala da súa toma de posesión.

Os membros electos son:

Estamento de entidades deportivas	SOCIEDADE CAZA BARBANZA SOCIEDADE CAZA SANMAMEDE SOCIEDADE CAZA SAN MARTIN GROVE
Estamento de deportistas	PENABAD CORRAL, MANUEL SANDE LOPEZ, JAVIER
Estamento de xuíces e árbitros	ALONSO PEREZ, JUAN ANGEL

Elección da presidencia.

O proceso electoral iniciábase a finais do mes de febreiro e **culminaba o 30 de decembro co traspaso de poderes entre o presidente saínte, Javier Nogueira Diz, e o presidente entrante, Luis Eusebio Fidalgo Álvarez**, cuxo mandato estenderase ata o ano 2026, igual que no caso da asemblea xeral e da comisión delegada.

Durante as próximas semanas o **novo presidente terá por diante o reto de designar ao seu equipo directivo, ao resto de membros da comisión delegada, e aos órganos técnicos e asesores.**



3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

A FGC estrúturase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas **federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.**

En decembro do 2021 convocábase o **proceso electoral para a elección dos presidentes provinciais que remataba, o pasado 23 de marzo, coa reelección dos catro presidentes:**

Presidente Provincial FGC A Coruña	José María Álvarez Villar
Presidente Provincial FGC Lugo	Francisco López Penela
Presidente Provincial FGC Ourense	Antonio García Reinoso
Presidente Provincial FGC Pontevedra	Francisco Couselo Castiñeira

Os catro Delegados Provinciais, **unha vez nomeados polo presidente da FGC pasan a formar parte da xunta directiva da FGC**, exercendo no seu ámbito territorial as mesmas funcións que as establecidas para o presidente da FGC, **actuando por delegación deste.**

As competencias e organización.

RESUMO:

- A FGC é unha entidade deportiva sen ánimo de lucro que agrupa a cazadores e sociedades de caza, e que ademais das súas competencias propias **exerce funcións públicas delegadas, entre elas a promoción e divulgación do deporte da caza en todas as súas facetas.**
- A FGC é o **interlocutor dos cazadores galegos.**
- No ano 2022, trala celebración do correspondente proceso electoral, houbo unha remuda na asemblea xeral, comisión delegada e presidencia da FGC, **ostentando actualmente a presidencia, Luis Eusebio Fidalgo Álvarez.**
- Neste ano tamén rematou o proceso electoral para a elección dos presidentes provinciais, sendo **reelixidos José María Álvarez Villar pola Coruña, Francisco López Penela por Lugo, Antonio García Reinoso por Ourense e Francisco Couselo Castiñeira por Pontevedra.**
- Os presidentes provinciais, unha vez nomeados polo presidente da FGC, pasan a formar parte da xunta directiva da Federación Galega de Caza **como delegados provinciais, exercendo as mesmas funcións que as establecidas estatutariamente para o presidente da FGC no seu ámbito territorial, actuando por delegación deste.**

As Competicións deportivas

As Competicións deportivas.

Superada a incertidume das últimas tempadas por mor da COVID, a FGC retomaba o calendario oficial de competicións disputándose todos os campionatos previstos, igual que durante as tempadas prepandemia, agás as de caza de raposo, e os deportistas das seleccións galegas das diferentes disciplinas seguían a sumar títulos para o *Deporte Federado Galego* nas respectivas competicións nacionais nas participaban.

1. CALENDARIO OFICIAL.

A FGC organizou e dirixiu tecnicamente durante a tempada 2022 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro) **94 competicións oficiais**, 89 de ámbito autonómico (campionatos galegos, provinciais, ligas e probas puntuables de arco, de copa Galicia, copa Federación e outras) e 5 de ámbito nacional e internacional (campionato de Europa de Compak Sporting, campionatos de España de Compak e de Rastro de Xabaril e copas España de Rastro de Coello e de Rastro de Xabaril Salvaxe).

	Cptos Galegos	Cptos Provinciais	Ligas e outras probas puntuables	Copa Galicia	Copa Federación e outras probas oficiais	Cptos e Copa España	Cptos Europa	TOTAL CPTOS OFICIAIS
AGILITY			15		1			16
ARCEAS	1	4						5
ARCO	2	1	2		2			7
CANS DE PARADA	1	3			3			7
CAZA MENOR CON CAN	1	4						5
CETRARÍA	3							3
COMPAK SPORTING	1	4				1	1	7
FIELD TARGET	1							1
PAXARILES	1	1						2
PERCORRIDOS CAZA	1	4		5				10
RASTRO DE COELLO	1	2		2	1	1		7
RASTRO DE XABARIL	1	4		4	3	2		14
SAN HUBERTO	1	4		5				10
TOTAL	15	31	17	16	10	4	1	94

2 de cada 10 federados competían nos 89 campionatos oficiais de ámbito autonómico, e os outros 8 facían en competicións non oficiais ou practicaban a actividade cinexético-deportiva non competitiva.

O maior número de probas disputadas foi para as disciplinas de Agility e Rastro de xabaril, con 16 e 12 probas autonómicas, respectivamente.

A media de participación máis alta foi para *Paxariles*, *Agility* e *Rastro de coello*, e a máis baixa a *Field Target*.

A FGC mobilizou durante esta tempada a **454 xuíces e árbitros**, unha media de 5 xuíces por competición, que xulgaban un promedio de 9 deportistas por proba.

	Cptos Autonómicos	Deportistas participantes	Xuíces e árbitros	Media de deportistas/ competición	Media de xuíces/ competición
AGILITY	16	1207	28	75	2
ARCEAS	5	100	100	20	20
ARCO	7	118	6	17	1
CANS DE PARADA	7	153	17	22	2
CAZA MENOR CON CAN	5	73	73	15	15
CETRARÍA	3	46	3	15	1
COMPAK SPORTING	5	237	23	47	5
FIELD TARGET	1	10	2	10	2
PAXARILES	2	194	6	97	3
PERCORRIDOS DE CAZA	10	534	71	53	7
RASTRO DE COELLO	6	431	28	72	5
RASTRO DE XABARIL	12	593	68	49	6
SAN HUBERTO	10	258	29	26	3
TOTAL	89	3954	454	44	5

Ademais das 89 competicións oficiais autonómicas e das 5 estatais e internacionais organizadas en Galicia, a **FGC autorizou a celebración doutras 61 probas deportivas de carácter social ou abertas de libre participación que organizaron as diferentes entidades deportivas federadas, é dicir durante a tempada 2022 disputáronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 155 probas deportivas, ou o que é o mesmo 3 cada fin de semana.**

OUTRAS PROBAS DEPORTIVAS "NON OFICIAIS" AUTORIZADAS POLA FGC						
	Coruña		Lugo		Ourense	
	Competición	Adestramento	Competición	Adestramento	Competición	Adestramento
ARCEAS		1				
CANS DE PARADA	1		5			
PAXARILES	1					
PERCORRIDOS CAZA	3	24	5		4	5
RASTRO COELLO	2					
RASTRO XABARIL	3		2			1
SAN HUBERTO	2	2				
TOTAL	12	27	12	0	4	0
						61

Área técnica.

O equipo técnico da FGC intégrano **19 adestradores de Tiro e 21 monitores de Arco**, así como **578 xuíces e árbitros das diferentes especialidades deportivas**, encargados de velar polo cumprimento da normativa das diferentes especialidades deportivas.

Durante o 2022 sumáronse ao equipo arbitral, como auxiliares, 32 novos xuíces, despois de superar os respectivos cursos de formación de xuíces e árbitros de tiro e de arco que veremos na páxina seguinte.

	XUÍCES E ÁRBITROS	ADESTRADORES	MONITORES
AGILITY	19		
ARCO	42		21
CANS (cans de parada e san huberto)	148		
CETRARÍA	24		
FIELD TARGET	10		
PAXARILES	5		
RASTRO (coello e xabaril)	192		
TIRO (compak e percorridos de caza)	138	19	
TOTAL	578	19	21

Formación de xuíces e árbitros.

CURSO DE FORMACIÓN DE XUICES DE ARCO.

O 20 de febreiro, no centro cultural de Soutomaior, en Soutomaior (Pontevedra), tiña lugar o curso de **formación de xuíces e árbitros das disciplinas de percorridos de caza con arco, caza con arco ao voo e asexos de caza 3D**, no que participaban 12 alumnos que, tras superar a formación teórica, accedían á categoría de xuíces auxiliares ata superar a avaliación práctica.

O curso foi impartido polo delegado de Arco da FGC e xuíz nacional da especialidade, Jaime Villaverde Balado.



CURSO DE FORMACIÓN DE ÁRBITROS DE TIRO.

As instalacións da SD Rio Sar, en Trazo (A Coruña), acollían os días 30 de abril e 21 de maio senllas convocatorias do curso de **formación de árbitros das especialidades deportivas de compak sporting e percorridos de caza**, superando a formación os 20 alumnos presentados, pasando así a ingresar na categoría de árbitros auxiliares de tiro.

A formación corría a cargo dos xuíces de tiro da FGC César Tosar González e José Moure Caneda.



CURSO DE DISEÑO E MONTAXE DE PISTAS PARA XUICES TITULADOS DE AGILITY.

O 26 de novembro, 13 dos 19 xuíces da especialidade deportiva de agility participaban no **curso de deseño e montaxe de pistas** que tiña lugar na casa de cultura de Lérez, en Pontevedra, impartido polo xuíz nacional Iván Ameiz.



2. GALICIA, SEDE DE ALTO NIVEL NACIONAL E INTERNACIONAL.

Un ano máis, a Real Federación Española de Caza (RFEC) confioulle á FGC a organización dos **Campionatos de España de Compak Sporting e de Rastro de Xabarl**, así como das **Copas España de Rastro de Xabarl Salvaxe e de Rastro de Coello**. E, pola súa parte, a Federación Internacional de Tiro con Armas Deportivas (FITASC) encomendoulle á RFEC e á SD Rio Sar o **Campionato de Europa de Compak Sporting**, en cuxa organización participou activamente a Federación Galega de Caza.

Campionato de Europa de Compak Sporting:

Baixo a organización da *Federación Internacional de Tiro con Armas Deportivas* (FITASC) en colaboración coa RFEC, SD Río Sar e coa cooperación da FGC, disputábase entre os días 16 e 19 de xuño nas instalacións de Río Sar en Trazo (A Coruña) o *Campionato de Europa de Compak Sporting*, no que participaban 337 tiradores de 21 países europeos, entre os que competían 24 galegos.

Os mellores galegos clasificados foron o tirador da SD Río Sar, Daniel Cebreiro no posto 11 de Homes, e o tirador da Sociedade Riotorto, José María González Rodríguez no posto 15 de Máster.

CLASIFICACIÓN OPEN:

Campión: Charles Bardou (Francia)

54º Antonio Iglesias Otero (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN HOMES:

Campión: Daniele Valeri (Italia)

11º Daniel Cebreiro García (GALICIA - SD Río Sar)

23º Daniel Domínguez Treinta (GALICIA - FGCPD)

31º José Manuel Torres Parada (GALICIA - Sdade Porto Son)

CLASIFICACIÓN SÉNIOR:

Campión: Alessandro Gaetani (Italia)

25º Manuel García Pombo (GALICIA - SD Río Sar)

36º Fernando Sánchez Mancebo (GALICIA - SD Río Sar)

39º José Luis Sánchez Mancebo (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN VETERANOS:

Campión: Christian Blassel (Francia)

21º José González Yáñez (GALICIA - Sdade Barbeitas)

22º Antonio Castro Ferreiro (GALICIA - SD Río Sar)

28º Eliseo Faraldo Fernández (GALICIA - Sdade Porqueira)

CLASIFICACIÓN MÁSTER:

Campión: Jean-Pierre Milan (Francia)

15º José Mª González Rodríguez (GALICIA - Sdade Riotorto)



Campionato de España de Rastro de Xabril.

O *Campionato de España de Cans de Rastro de Xabril*, organizado pola FGC en colaboración coa entidade deportiva Societario de Cazadores Terra Chá, desenvólvese en Mondoñedo e A Pastoriza (Lugo) o 16 de xullo, coa participación de 31 monteiros que representaban ás Comunidades Autónomas de Asturias, Cantabria, Castela León, Navarra, País Vasco e Galicia.

A selección galega conformada por 8 monteiros, facíase practicamente co podio ao acadar o 1º e 3º posto da clasificación xeral.

CLASIFICACIÓN XERAL:

Campión: Salvador Núñez Sestelo, con "Beba"
(GALICIA - Sdade Tomiñesa)

Subcampión: IVÁN BERROS RIVA, con "Dembelé" (Asturias)

Terceiro: Antonio Sánchez Sexto, con "Chico"
(GALICIA - Sdade O Campo)



Campionato de España de Compak Sporting.

O *Campionato de España de Compak Sporting*, selectivo para o Campionato de Europa, organizado pola FGC en colaboración coa SD Río Sar, disputábase os días 4 e 5 de xuño no campo de tiro Río Sar, en Trazo (A Coruña), e **nel participaban 302 tiradores de tódalas Comunidades Autónomas.**

A selección galega integrada nesta ocasión por 18 tiradores (con carácter excepcional ao celebrarse a competición en Galicia), obtivo un **brillante resultado con un 2º posto en Clase C, un 3º en Xuvenís, dous 4º en Clase C e Iniciados, e tres 5º en Veteranos, Clase B e Clase C.**

CLASIFICACIÓN OPEN:

Campión: Cristobal Jiménez Marínez (Castela- A Mancha)

11º. Daniel Cebreiro García (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN HOMES:

Campión: Cristobal Jiménez Marínez (Castela A Mancha)

11º. Daniel Cebreiro García (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN SÉNIOR:

Campión: Rafael Martí Calatayud (Castela A Mancha)

9º. Francisco J. Rivero Martínez (GALICIA - Club 28 Gramos)

CLASIFICACIÓN VETERANOS:

Campión: Juan Gardeazabal Rotaetxe

5º. José González Yáñez (GALICIA - Sdade Barbeitas)

CLASIFICACIÓN MÁSTER:

Campión: Vicente Javier Ayarza Torrontegui (País Vasco)

6º. José Mª González Rodríguez (GALICIA - Sdade Ríotorto)

CLASIFICACIÓN XUVENIL:

Campión: Fabián Romero Millán (Castela A Mancha)

3º. Omar Insua Rodríguez (GALICIA - Sdade Barbeitas)

CLASIFICACIÓN CLASE A:

Campión: Cristobal Jiménez Marínez (Castela- A Mancha)

11º. Daniel Cebreiro García (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN CLASE B:

Campión: Manuel Cordero Gómez (Extremadura)

5º. Daniel Domínguez Treinta (GALICIA - FGCPD)

CLASIFICACIÓN CLASE C:

Campión: Emilio Javier Verdasco Alfonso (Extremadura)

2º. Francisco J. Villanueva Dejuane (GALICIA - Sdade Goberna)

4º. Francisco J. Rivero Martínez (GALICIA - Club 28 Gramos)

5º. Rubén Boquete Varela (GALICIA - SD Río Sar)

CLASIFICACIÓN CLASE INICIADOS:

Campión: Adrián Hernández Carmona (Murcia)

4º. Luis Rodríguez Insua (GALICIA - Sdade A Canteirada)



Copa España de Rastro de Xabril Salvaxe.

A primeira edición da *Copa España de Rastro de Xabril Salvaxe*, organizada pola FGC en colaboración coas sociedades de Xubia, Valdoviño e Urogallo, desenvólvese o día 18 de xuño coa participación de **55 monteiros das Comunidades Autónomas de Asturias, Cantabria e Galicia.**

CLASIFICACIÓN XERAL

Campión: RAMIRO VEGA CAMINO, con "Camilo" (Cantabria)

Subcampión: JONATHAN ARNAIZ GARCÍA, con "Man" (Cantabria)

3º: MIGUEL CONDE ROMA, con "Killer" (GALICIA - Sdade Meis)



Copa España de Rastro de Coello.

Baixo a organización da Federación Galega de Caza, en colaboración co club Amigos dos Cans de Caza, celebrábase o pasado 24 de abril, nos terreos da Sociedade de Caza Urogallo, en Ferrol (A Coruña), a **Copa España de Rastro de Coello coa participación de 76 cans** en 19 lotes de 4 cans cadaún.

CLASIFICACIÓN XERAL	
	Campión: RAMÓN BARREIRO VARELA Lote: "Paris, Niza, Sola e Rol" (GALICIA - Sdade Apóstol Santiago)
	Subcampión: JUAN FORMOSO RAPOSO Lote: "Nit, Toxo, Toro e Ilan" (GALICIA – Sdade Rio Iso)
	Terceiro: ROBERTO BARREIRO PESADO Lote: "Manú, Vicha, Trosky e Pinto" (GALICIA – Sdade San Huberto)
Mellor can: "Rol" de RAMÓN BARREIRO (GALICIA - Sdade Apóstol Santiago)	

3. PALMARÉS DA SELECCIÓN GALEGA.

Durante a tempada deportiva 2022, os deportistas da Selección Galega das diferentes disciplinas **subíronse ao podio dos respectivos Campionatos de España, Copas España e outras competicións de ámbito nacional ata en 21 ocasións**, acadando 5 primeiros postos, 7 segundos e 9 terceiros, ademais doutros 9 títulos en 4º e 5º, así como os postos **11º e 15, en Homes e Máster, respectivamente, no Campionato de Europa de Compak Sporting** entre os 337 tiradores participantes.

	1º	2º	3º	4º	5º
AGILITY	1	3	3		
ARCO	2	2			1
CETRARÍA				1	
COMPAK SP		1	1	2	3
PERCORRIDOS CAZA			1		
RASTRO COELLO	1	1	1	1	1
RASTRO XABARIL	1		2		
SAN HUBERTO			1		
TOTAL	5	7	9	4	5



Federación Galega
de Caza



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

PALMARÉS DOS DEPORTISTAS DA SELECCIÓN GALEGA

Deportista	Especialidade deportiva	Lugar de celebración	Data de celebración	Categoría	Clasificación
SALVADOR NÚÑEZ SESTELO Cadela: BEBA (Soc. Tomiñesa- Pontevedra)	 CANS DE RASTRO XABARIL	Mondoñedo e A Pastoriza (Lugo)	16 de xullo de 2022	Absoluta	CAMPIÓN do Campionato de España de Cans de Rastro de Xabaril
RAMÓN BARREIRO VARELA Lote: PARIS/NIZA/SOLA/ROL (Soc. Apostol Santiago - A Coruña)	 CANS DE RASTRO COELLO	Ferrol (A Coruña)	24 de abril de 2022	Absoluta	CAMPIÓN da Copa España de Cans de Rastro de Coello
Can: ROL de RAMÓN BARREIRO VARELA (Soc. Apostol Santiago - A Coruña)	 CANS DE RASTRO COELLO	Ferrol (A Coruña)	24 de abril de 2022	Mellor Can	MELLOR CAN da Copa España de Cans de Rastro de Coello
LEE RAMSDALE (Soc. Cazarco - Pontevedra)	 ARCO	Castillejo de Robledo (Soria)	24 de setembro de 2022	Arco Tradicional	CAMPIÓN do Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco
IRIA BOULLOSA CURRÁS (Soc. Cazarco - Pontevedra)	 ARCO	Castillejo de Robledo (Soria)	24 de setembro de 2022	Cadete	CAMPIOA do Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco
Cadela: TRICE - PIRATA de JORGE E. RAMOS SALINAS (A. Diverticans - Pontevedra)	 AGILITY	Alagón (Zaragoza)	Do 29 ao 31 de outubro de 2022	Clase 60	CAMPIÓN do Campionato de España de Agility



Federación Galega
de Caza



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

PALMARÉS DOS DEPORTISTAS DA SELECCIÓN GALEGA

Deportista	Especialidade deportiva	Lugar de celebración	Data de celebración	Categoría	Clasificación
DOLORES BUGARÍN CODESEDA (Soc. Cazarco - Pontevedra)	ARCO	Castillejo de Robledo (Soria)	24 de setembro de 2022	Donas Arco Asistido	SUBCAMPIOA do Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco
CARLOTA OTERO CAYETANO (Soc. Cazarco - Pontevedra)	ARCO	Castillejo de Robledo (Soria)	24 de setembro de 2022	Cadete	SUBCAMPIOA do Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco
FRANCISCO J. VILLANUEVA DEJUANE (Soc. A Goberna - Ourense)	COMPAK SPORTING	Trazo (A Coruña)	4 e 5 de xuño de 2022	Clase C	SUBCAMPIÓN do Campionato de España de Compak Sporting
Cadela: ELISA de JOSE C. IGLESIAS FERNÁNDEZ (A. Wecan - Pontevedra)	AGILITY	Alagón (Zaragoza)	29, 30 e 31 de outubro de 2022	Clase 60	SUBCAMPIÓN do Campionato de España de Agility
Cadela: ITCHES de ALBERTO COSTAS GONZÁLEZ (A. Mat's - Pontevedra)	AGILITY	Alagón (Zaragoza)	29, 30 e 31 de outubro de 2022	Clase 40	SUBCAMPIÓN do Campionato de España de Agility
JUAN FORMOSO RAPOSO Lote: NIT/TOXO/TORO/ILAN (Soc. Río Iso - A Coruña)	CANS RASTRO COELLO	Ferrol (A Coruña)	24 de abril de 2022	Absoluta	SUBCAMPIÓN da Copa España de Cans de Rastro de Coello



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

PALMARÉS DOS DEPORTISTAS DA SELECCIÓN GALEGA

Deportista		Especialidade deportiva	Lugar de celebración	Data de celebración	Categoría	Clasificación
Cadela: TRICE - PIRATA de JORGE E. RAMOS SALINAS (A. Diverticans - Pontevedra) 		AGILITY	Alagón (Zaragoza)	29, 30 e 31 de outubro de 2022	Clase 60	SUBCAMPIÓN da Copa Campións do campionato de España de Agility
MIGUEL CONDE ROMA Can: KILLER (Soc. Meis - Pontevedra) 		CANS RASTRO XABARIL	Ferrol (A Coruña)	18 de xuño de 2022	Absoluta	TERCEIRO CLASIFICADO da Copa España de Cans de Rastro sobre Xabaril Salvaxe
ANTONIO SÁNCHEZ SEXTO Can: CHICO (Soc. O Campo - Pontevedra) 		CANS RASTRO XABARIL	Mondoñedo e A Pastoriza (Lugo)	16 de xullo de 2022	Absoluta	TERCEIRO CLASIFICADO do Campionato de España de Cans de Rastro de Xabaril
NICOLASA GONZÁLEZ CARRODEGUAS Cadela: CONGA (Soc. Valdoviño - A Coruña) 		SAN HUBERTO	Quintana de la Serena (Badajoz)	1 e 2 de outubro de 2022	Donas	TERCEIRA CLASIFICADA do Campionato de España de Caza San Huberto
OMAR INSUA RODRÍGUEZ (Soc. Barbeitas - Lugo) 		COMPAK SPORTING	Trazo (A Coruña)	4 e 5 de xuño de 2022	Xuvenil	TERCEIRO CLASIFICADO do Campionato de España de Compak Sporting

PALMARÉS DOS DEPORTISTAS DA SELECCIÓN GALEGA

Deportista	Especialidade deportiva	Lugar de celebración	Data de celebración	Categoría	Clasificación
JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ (Soc. Riotorto - Lugo) 	PERCORRIDOS CAZA	Sos del Rey Católico (Zaragoza)	23 e 24 de abril de 2022	Máster	TERCEIRO CLASIFICADO da Copa España de Percorridos de Caza
ROBERTO BARREIRO PESADO Lote: MANÚ/VICHA/TROSKY/PINTO (Soc. San Huberto de Valga - Pontevedra) 	CANS RASTRO COELLO	Ferrol (A Coruña)	24 de abril de 2022	Absoluta	TERCEIRO CLASIFICADO da Copa España de Cans de Rastro de Coello
Cadela: GEN de CRISTIÁN ANDRADE SÁNCHEZ (A. Patas - Pontevedra) 	AGILITY	Alagón (Zaragoza)	29, 30 e 31 de outubro de 2022	Clase 20	TERCEIRO CLASIFICADO do Campionato de España de Agility
Cadela: PIPA de JORGE SALINAS MARTÍNEZ (A. Wecan - Pontevedra) 	AGILITY	Alagón (Zaragoza)	29, 30 e 31 de outubro de 2022	Clase 50	TERCEIRO CLASIFICADO da Copa Campións do campionato de España de Agility
Cadela: ENOA DE ESPINCHER de LUCAS CURRÁS FERNÁNDEZ (A. Ourenzan - Ourense) 	AGILITY	Alagón (Zaragoza)	31 de outubro de 2022	Clase 20	TERCEIRO CLASIFICADO da Copa Campións do campionato de España de Agility

As competicións deportivas.

RESUMO:

- **14 especialidades deportivas** regulamentadas ten a FGC, das que se realizaron todas as competicións oficiais na tempada 2022 agás as de Raposo.
- **89 campionatos oficiais de ámbito autonómico disputados** (15 galegos, 31 provinciais, 16 probas da copa Galicia, 17 probas de liga e puntuables de arco, e 10 competicións da copa Federación e outras).
- **5 competicións de ámbito nacional e internacional celebradas en Galicia** (campionatos de España de Compak e de Rastro de Xabaryl, as Copas España de Xabaryl Salvaxe e Rastro de Coello, e Campionato de Europa de Compak Sporting).
- **61 probas deportivas non oficiais foron autorizadas pola FGC**, e organizadas polas diferentes entidades deportivas federadas.
- **2 de cada 10 federados competiron nalgún dos campionatos oficiais autonómicos**, e os outros 8 competían noutras probas deportivas non oficiais ou practicaban a actividade deportiva non competitiva.
- **454 xuíces e árbitros foron os encargados de xulgar as 89 competicións de ámbito autonómico**, unha media de 5 árbitros por competición que xulgaron un promedio de 9 deportistas.
- **32 alumnos superaron os cursos de formación de xuíces de Arco e de Tiro.**
- **13 dos 19 xuíces titulados de Agility participaron no curso de deseño e montaxe de pistas para xuíces de agility**
- **21 medallas obtidas nas competicións estatais polas seleccións galegas** das diferentes disciplinas deportivas, así como os postos nº 11 e 15, en *Homes e Máster*, para os galegos mellor clasificados no campionato de Europa de Compak, entre os 337 tiradores participantes.

A caza, deporte federado

A caza, un deporte federado.


Durante o ano 2022 había en Galicia 34.708 cazadores con **licenza administrativa de caza** (e outros 853 de fóra da CCAA). Deles, preto de **3 de cada 5 cazadores galegos están federados**, a proporción máis alta do histórico da FGC.

Lugo mantense como a provincia con maior proporción entre cazadores e federados co 68% dos cazadores desa provincia afiliados á FGC, seguida moi de preto de Coruña na que están federados o 64% dos cazadores da provincia. En Pontevedra estano o 61% e en Ourense algo máis da cuarta parte dos cazadores da provincia.

O número de **licenzas de caza respecto ao ano anterior diminuíu no seu conxunto en máis do 3%** (en Ourense preto do 6%, en Coruña e Lugo o 3% e en Pontevedra algo menos do 2%), sen embargo nese mesmo período **a porcentaxe entre cazadores e federados medrou en todas as provincias, en A Coruña máis do 3%, en Lugo 1,45%, en Ourense 1,41% e en Pontevedra o 0,96%.**


Provincia	Licenzas caza 2022	Federados 2022	%
Coruña	11.359	7.244	64%
Lugo	7.928	5.356	68%
Ourense	6.746	1.741	26%
Pontevedra	8.675	5.270	61%
CAZADORES GALEGOS	34.708	19.611	57%
Licenzas foráneos (bcos fóra CCAA)	853		
LICENZAS CAZA GALICIA	35.561		

Provincia	Licenzas caza 2022	Licenzas caza 2021	Dfª	%
Coruña	11.359	11.754	-395	-3,36%
Lugo	7.928	8.179	-251	-3,07%
Ourense	6.746	7.151	-405	-5,66%
Pontevedra	8.675	8.816	-141	-1,60%
CAZADORES GALEGOS	34.708	35.900	-1192	-3,32%
Licenzas foráneos (bcos fóra CCAA)	853	918	-65	-7,08%
LICENZAS CAZA GALICIA	35.561	36.818	-1257	-3,41%



1. NECESIDADE DA REMUDA XERACIONAL.

O número de **cazadores galegos** desde 1990 ata a actualidade diminuíu en **73.814** persoas, pasando dos 108.522 cazadores daquel ano aos 34.708 actuais.




Desde o ano 90, o número de licenzas reduciuse ano tras ano agás no 2005, 2010 e 2021 que houbo un mínimo repunte (o repunte do 2021 -99 licenzas- vén dado porque durante a pandemia do 2020 moitos cazadores non practicaron a actividade, estimándose que en caso contrario o saldo tamén sería negativo).

O 34% das licenzas de cazadores galegos pertencen á clase A2 (**menores de 18 anos e maiores de 65**), datos practicamente idénticos aos dos federados. **Máis da cuarta parte dos federados galegos (26%) son maiores de 65 anos e o 8% son menores de 31.**

	Licenzas cazadores galegos	%
Licenzas caza A1 ≥ 18 anos e < 65 anos	22.477	66%
Licenzas de caza A2 < 18 anos e ≥ 65 anos	11.549	34%
TOTAL	34.026	

Do total de licenzas emitidas en Galicia dedúcese as interautonómicas por non estar desagregadas por idade, así como as de foráneos (bcos), estranxeiros non CE e rehalas, que totalizan 1.535 licenzas.




A incorporación de novos cazadores á actividade é irrelevante ao comparala co número daqueles que deixan de cazar. **Durante o ano 2022 as licenzas de cazadores galegos diminuíron en 1.192 e os que se incorporaron á actividade foron 250** segundo os datos procedentes dos resultados do exame do cazador.

Nos últimos catro anos, **a media anual de cazadores que superaron o exame de caza**, obrigatorio para poder practicar a actividade cinexética en Galicia, **foi de 287.**

Todos os datos apuntan a que esta **tendencia de decrecemento vaise manter nos próximos anos se non se fomenta a remuda xeracional poñendo en valor a actividade cinexética, un dos principais piares da economía rural.**

O problema da remuda xeracional non se circunscribe só a Galicia senón que afecta ao conxunto da caza en España. Segundo a última publicación do MITECO (anuario 2020) sobre a *estadística anual de caza*, **as licenzas de caza en España experimentaron entre 2001 e 2020 un descenso de 421.373**, pasando de 1.099.856 licenzas do ano 2001 ás 678.483 do ano 2020.



Licenzas de caza autonómicas e interautonómicas emitidas en España	
Ano	Nº licenzas
2001	1.099.856
2002	1.036.340
2003	1.157.969
2005	1.069.804
2006	924.524
2007	946.965
2008	969.298
2009	1.032.242
2010	1.078.852
2011	957.191
2012	906.437
2013	848.243
2014	851.894
2015	825.373
2016	826.777
2017	827.776
2018	769.551
2019	743.650
2020	678.483


2. DEPORTE FEDERADO.

Tal e como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, **a caza en Galicia é un deporte maioritariamente federado, toda vez que 3 de cada 5 persoas que a practican están federadas.**

Durante o 2022 a FGC emitiu **19.611 licenzas federativas autonómicas (19.300 de homes e 311 de mulleres)** que tamén habilitou con carácter nacional, pechándose o ano con 51 federados máis que o anterior, **apreciándose unha sólida fidelización en todas as provincias, con datos semellantes aos de 2021, agás no caso de A Coruña que suma 107 novos federados.**

Precisamente A Coruña é a provincia onde se concentra o maior número de federados, o 37% do total das licenzas federativas autonómicas, seguida de Lugo e Pontevedra co 27%, e por último Ourense co 9%.

Sen embargo, como xa se expuxo anteriormente, ao comparar o número de licenzas de caza de cada unha das provincias co seu respectivo número de federados, **Lugo segue a ser a que ten maior proporción entre cazadores e federados, seguida moi de preto de A Coruña.**




TIPO DE LICENZA FEDERATIVA	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL FEDERADOS		DFA	TOTAL DOC.ÚNICOS		DFA
	Ano 2022	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2021		Ano 2022	Ano 2021	
Lic. Federativa (P)	903	831	751	827	180	201	374	347	2.208	2.206	2			
DOC. ÚNICO (J)	155	153	155	145	32	37	144	135	486	470	16	486	470	16
DOC. ÚNICO (N)	782	840	194	206	78	113	959	1.077	2.013	2.236	-223	2.013	2.236	-223
DOC. ÚNICO (Q)	615	655	409	428	250	243	605	708	1.879	2.034	-155	1.879	2.034	-155
DOC. ÚNICO (R)	153	139	23	19	16	13	117	100	309	271	38	309	271	38
DOC. ÚNICO (S)	1.138	1.204	1.015	1.043	386	380	1.561	1.494	4.100	4.121	-21	4.100	4.121	-21
DOC. ÚNICO (PREM)	3.498	3.315	2.809	2.739	799	758	1.510	1.410	8.616	8.222	394	8.616	8.222	394
TOTAL FEDERADOS	7.244	7.137	5.356	5.407	1.741	1.745	5.270	5.271	19.611	19.560	51			
TOTAL DOC UNICOS	6.341	6.306	4.605	4.580	1.561	1.544	4.896	4.924				17.403	17.354	49

Tipo de licenza federativa.

O 89% dos afiliados á FGC optaron por federarse a través do **Documento Único (DU)** que ademais da propia licenza federativa inclúe o seguro de responsabilidade civil do cazador (obrigatorio, voluntario e de defensa xurídica).


No cómputo global emitíronse **17.403 seguros de RC do cazador**, 49 máis que no pasado ano, producíndose un lixeiro repunte en todas as provincias agás en Pontevedra. E **continúase a tendencia de transformación**

dos seguros de menor cobertura a **Premium** que na actualidade posúen o 50% do total de asegurados, e 7 de cada 10 asegurados teñen os **documentos "S" ou "Prem"**, é dicir as coberturas máis altas.



Mulleres federadas.

Preto do **2% das persoas federadas son mulleres**, advertíndose nos últimos anos un constante aumento da presenza feminina tanto nas competicións oficiais como na práctica cinexética, pasando das 88 mulleres federadas no ano 2010 ás 311 actuais.



Cans asegurados.

Desde que se implementou o *Anexo de Cans*, a través do *DU Premium* e do *anexo con franquicia*, o número de cans asegurados polos federados non parou de medrar, **pasando do 6.718 cans asegurados no ano 2015 aos 24.242 actuais.**

4 de cada 10 cans que teñen asegurada a súa responsabilidade civil durante todo o ano, son de federados da provincia de A Coruña, 3 de cada 10 de federados de Lugo, 1 de cada 10 de federados de Ourense e preto de 2 de cada 10 de federados de Pontevedra.



Sinistralidade dos federados.

A licenza federativa leva implícito o seguro de accidentes persoais, é dicir todos os federados dispoñen dun seguro de danos propios durante a práctica do deporte cinexético, e o 89% deles tamén teñen concertado o *Documento Único* que, como xa se expuxo anteriormente, a maiores do seguro de accidentes persoais comprende o seguro de responsabilidade civil obrigatorio e voluntario do cazador e a defensa xurídica.

Durante esta tempada rexistráronse en Galicia **148 accidentes producidos ou sufridos por cazadores federados: 51 accidentes de danos propios, 76 de responsabilidade civil do cazador e 21 causados por cans** asegurados mediante o *Anexo de Cans* (o anexo de cans asegura a RC do can durante todo o ano, condicionado a que o titular dispoña de DU).

TIPO DE LESIÓNS	CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			TOTAL SINISTROS		
	D.P.	R.C	Anexo cans	D.P.	R.C	Anexo cans	D.P.	R.C	Anexo cans	D.P.	R.C	Anexo cans	D.P.	R.C	Anexo cans
Falecidos accidentes caza	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Falecidos causas naturais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Falecidos in itinere	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Gran invalidez	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Invalidez	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0
Danos nas extremidades	13	0	0	12	0	0	4	0	0	4	1	0	33	1	0
Danos cara, cabeza, boca, ollos e oídos	0	2	0	0	0	0	1	0	0	2	1	0	3	3	0
Danos no peito e espalda	4	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	5	0	0
Danos múltiples e policontusións	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1	0
Outro tipo de lesións	0	0	2	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	2
Danos escopeta	4	1	0	0	0	0	1	0	0	2	0	0	7	1	0
Danos a cans	0	7	0	0	1	1	0	1	2	0	5	2	0	14	5
Danos materiais, animais ou cousas	0	20	4	0	13	5	0	6	5	0	16	0	0	55	14
TOTAL	24	31	6	12	15	6	7	7	7	8	23	2	51	76	21

Nos accidentes de **danos persoais** (ou danos propios) as lesións máis comúns foron os danos nas extremidades e os danos a escopetas, mentres que en **responsabilidade civil do cazador e nos anexos de cans** os máis frecuentes foron os danos materiais e a animais ou cousas.

O índice de sinistralidade durante a tempada 2022 foi de **2,60 accidentes por cada 1.000 federados en accidentes de danos propios, 4,37 accidentes por cada 1.000 asegurados en responsabilidade civil do cazador**, e 0,86 sinistros por cada 1.000 cans asegurados mediante *anexo*.

Desde o período 2010 ata a actualidade, **a media de sinistros foi de 2,80 accidentes por cada 1.000 federados en danos propios, e 4,16 accidentes por cada 1.000 asegurados en RC.**

ANO	DANOS PROPIOS			DO CAZADOR		
	Accidentes	Federados	Índice sinistralidade 0/00	Accidentes	Federados	Índice sinistralidade 0/00
2022	51	19.611	2,60	76	17.403	4,37
2021	68	19.560	3,48	52	17.354	3,00
2020	64	20.160	3,17	76	17.100	4,44
2019	53	19.634	2,70	77	17.276	4,46
2018	51	19.464	2,62	79	17.005	4,65
2017	63	19.686	3,20	85	16.734	5,08
2016	50	19.656	2,54	52	16.479	3,16
2015	62	19.961	3,11	82	16.509	4,97
2014	53	20.049	2,64	60	16.166	3,71
2013	66	20.160	3,27	64	16.473	3,89
2012	44	21.018	2,09	69	17.215	4,01
2011	58	21.479	2,70	84	17.659	4,76
2010	47	21.242	2,21	65	17.798	3,65


O deporte cinexético no TOP-10 do deporte federado.

Segundo a memoria 2021 do Consello Superior de Deportes (CSD), últimos datos publicados polo organismo deportivo estatal, a **Caza ocupa o 2º posto tanto no ámbito do deporte federado Nacional como no Deporte Galego.**

Deporte federado Nacional.

Segundo o CSD, as **66 federacións deportivas españolas emitiron 3.628.188 licenzas federativas** (75,40% homes e 24,60% mulleres) e tiñan **76.218 clubs afiliados.**


O deporte da Caza mantense como 2º deporte federado no ámbito nacional en licenzas federativas e sube de 3º a 2º en clubs federados, tan só superado por fútbol.



Deporte Galego.

No ámbito deportivo galego, a **Caza mantense como 2ª actividade deportiva federada, tanto en número de licenzas federativas como de entidades afiliadas.**

As federacións deportivas galegas ás que estaban afiliadas **5.459 entidades deportivas**, expediron **248.766 licenzas federativas** (71,04% homes e 28,96% mulleres), e tiñan afiliadas.



Deporte federado por CCAA.

No ranking do deporte federado por Comunidades Autónomas, o **Deporte Galego** sube de 5º a 4º en clubs con 5.459 entidades deportivas afiliadas ás diferentes federacións deportivas galegas e mantense no 5º posto en número de federados con 248.766 licenzas.

RANKING DEPORTE FEDERADO POR CCAA							
	LICENZAS FEDERATIVAS					CLUBS	
	Homes	Mulleres	TOTAL	%			%
Cataluña	445.771	164.706	610.477	16,83%	Andalucía	12.018	15,77%
Andalucía	424.897	101.297	526.194	14,50%	Cataluña	10.811	14,18%
Madrid	342.294	134.290	476.584	13,14%	Valenciana	6.069	7,96%
Valenciana	278.863	71.993	350.856	9,67%	GALICIA	5.459	7,16%
GALICIA	176.713	72.053	248.766	6,86%	Aragón	5.428	7,12%
País Vasco	164.578	57.815	222.393	6,13%	Madrid	5.422	7,11%
Canarias	123.087	51.073	174.160	4,80%	Castilla Mancha	4.799	6,30%
Castilla León	118.326	33.367	151.693	4,18%	País Vasco	4.203	5,51%
Aragón	107.009	28.947	135.956	3,75%	Castilla León	3.928	5,15%
Murcia	92.506	25.158	117.664	3,24%	Murcia	3.723	4,88%
Baleares	79.442	32.743	112.185	3,09%	Canarias	3.528	4,63%
Castilla Mancha	82.254	23.954	106.208	2,93%	Extremadura	2.834	3,72%
Asturias	73.920	26.994	100.914	2,78%	Baleares	1.920	2,52%
Extremadura	83.282	13.959	97.241	2,68%	Asturias	1.753	2,30%
Navarra	56.018	23.097	79.115	2,18%	Cantabria	1.560	2,05%
Cantabria	48.652	18.232	66.884	1,84%	Navarra	1.217	1,60%
Rioja	22.811	7.690	30.501	0,84%	Rioja	872	1,14%
Melilla	7.430	2.969	10.399	0,29%	Sin territorializar	378	0,50%
Ceuta	4.341	1.004	5.345	0,15%	Ceuta	154	0,20%
Sin territorializar	3.563	1.090	4.653	0,13%	Melilla	142	0,19%
	2.735.757	892.431	3.628.188			76.218	


A FGC no TOP-10 das federacións autonómicas de caza.

Na actualidade integran a Real Federación Española de Caza (RFEC) 18 federacións autonómicas que tamén emiten a licenza federativa e/ou Documentos Únicos con Mutuasport, agás a Federación Vasca.

A FGC ocupa a 6ª posición en habilitación de licenzas federativas con carácter nacional entre as 18 federacións autonómicas de caza, e a 4ª na emisión de DU Premium entre as 17 que actualmente emiten a licenza federativa con Mutuasport.

Real Federación Española de caza (RFEC).

Segundo os datos facilitados pola RFEC, durante o ano 2022 as federacións autonómicas de caza emitiron, ou habilitaron con carácter nacional, 333.983 licenzas federativas, 422 licenzas menos que no ano anterior.




A FGC mantense no 6º posto do ranking de federados entre as 18 federacións autonómicas de caza, co 6% da produción total de licenzas da RFEC, só superada por Andalucía, Valencia, Extremadura, Cataluña e Aragón. Estas seis federacións aglutinan a máis do 71% dos federados nacionais.

Mutua de seguros deportivos "Mutuasport".

Actualmente **emiten a licenza federativa e/ou Documentos Únicos con Mutuasport** tódalas federacións autonómicas de caza agás a Federación Vasca.

No conxunto das 17 federacións autonómicas, expedíronse durante este exercicio 319.007 licenzas federativas e DU, 5.532 máis que o ano anterior.

A FGC co 6% posto do total da produción de Mutuasport, sitúase de **6ª no cómputo total da produción de Mutuasport pero sube á 4ª posición na emisión de Documentos Premium**, situándose só por detrás de Cataluña, Andalucía e Valencia nos seguros de maior cobertura.



A caza, un deporte federado.

RESUMO:

- **3 de cada 5 cazadores con licenza administrativa de caza son federados**, por tanto non cabe dúbida de que a caza é un deporte federado.
- **3% foi o descenso rexistrado nas licenzas de caza respecto ao ano anterior, sen embargo no mesmo período a porcentaxe de cazadores federados medrou en preto de 3 puntos.**
- **73.814 persoas deixaron de cazar en Galicia entre 1990 e 2022**
- **3 cazadores de cada 10 superan na actualidade os 65 anos.**
- **420.000 foi o descenso que experimentaron as licenzas de caza en toda España entre 2001 e 2020.**
- **Preto do 2% das persoas federadas son mulleres.**
- **A incorporación da mocidade á práctica cinexética é mínima.**
- **9 de cada 10 federados estano a través do Documento Único** que contén o seguro de responsabilidade civil obrigatorio e voluntario do cazador.
- **O 50% dos asegurados optaron polo DU Premium** que, entroncas prestacións, ofrece unhas coberturas de 60.000 € en accidentes propios e 1.090.000 € en RC, así como o seguro de responsabilidade civil de 4 cans durante todo o ano a través do *Anexo de Cans* e a defensa xurídica.
- **24.242 cans teñen asegurada a súa RC todo o ano**, a través do *anexo* do DU Premium e do *anexo con franquicia*.
- **2,60 accidentes por cada 1000 federados é a media dos sinistros de danos propios.**
- **4,37 accidentes por cada 1000 asegurados é a media dos sinistros de responsabilidade civil do cazador.**
- Os accidentes de caza resultan moi aparatosos, sen embargo **os sinistros que se producen durante a actividade cinexética, agás casos excepcionais, son semellantes aos que se poden suceder noutros deportes como alpinismo, motociclismo, ciclismo, etc.**, aínda así é necesario extremar a prudencia e formarse en seguridade pois entre os anos 2016 e 2020 houbo 2 falecidos pola práctica da caza en Galicia.
- **A Caza ocupa o 2º posto tanto no ámbito do Deporte Nacional como no do Deporte Galego en número de persoas federadas e de clubs afiliados**, só superado polo todopoderoso fútbol.
- **A FGC sitúase na 6ª posición en número de licenzas federadas da RFEC** entre as 18 federacións autonómicas de caza que a integran.
- **A FGC ocupa o 4º posto na expedición de DU Premium no ranking de Mutuasport** entre as 17 federacións autonómicas de caza que emiten as licenzas con esta mutua deportiva.

As entidades deportivas federadas e os terreos cinexéticos

As entidades deportivas e os terreos cinexéticos.

Durante o ano 2022 afiliáronse á FGC 5 novas sociedades deportivas e causaron baixa 2, pechándose o ano con **473 entidades deportivas federadas**.

380 dos 451 Tecores existentes están xestionados de xeito directo (ou compartido) por 399 entidades de caza federadas, e as outras **74 son de agility, arco, cans, cetraría, field target, paxariles, tiro ou peñas de caza maior**.

	ENTIDADES FEDERADAS			TECORES		
	Sociedades federadas xestoras de Tecores (titularidade propia ou compartida)	Outras Entidades federadas	TOTAL ENTIDADES FEDERADAS	Tecores sociedades federadas	Tecores outras asociacións NON FEDERADAS	TOTAL TECORES
CORUÑA	115	19	134	111	11	122
LUGO	144	6	150	138	9	147
OURENSE	60	11	71	60	49	109
PONTEVEDRA	80	38	118	71	2	73
	399	74	473	380	71	451

* Entre os Tecores non federados de A Coruña está incluído 1 de titularidade municipal.



1. ENTIDADES DEPORTIVAS FEDERADAS.

Lugo mantense como a provincia con máis asociacións federadas (32% do total de entidades afiliadas á FGC) e tamén **onde se concentran o maior número de sociedades federadas que son titulares de Teco** (144 de 150).

Na Coruña, co 28% do total de sociedades e clubs federados, 115 das 134 entidades tamén teñen Teco.


En Pontevedra, co 25% das entidades afiliadas á FGC, son titulares de Teco 80 de 118, sendo **esta a provincia que abrangue a maior porcentaxe de tecores xestionados por asociacións federadas** (71 dos 73 tecores existentes nesta provincia xestiónanos entidades federadas).

En Ourense, con o 15% do total das entidades afiliadas á FGC, 60 das 71 tamén son titulares de Teco.



2. TECORES, EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS E ZONAS LIBRES.

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) durante o 2022 había en Galicia **450 Tecores xestionados por entidades sen ánimo de lucro e 1 de titularidade municipal, así como 77 zonas libres** (terreos de aproveitamento cinexético común) **fronte ás 34 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por empresas ou suxeitos mercantís, que abranguen no seu conxunto **2.826.436,00 has.**




O 94% da superficie de Galicia está acoutada en Tecores. Dela o 86% corresponde á superficie cinexética dos 380 Tecores que xestionan as entidades de caza federadas mentres que o 14% corresponde aos 71 Tecores que administran outras asociacións non federadas. As zonas libres abranguen o 6% da superficie cinexética e as explotacións non chegan ao 1%.

Tecores sociedades federadas.

A provincia de **Pontevedra**, como xa se dixo, é **a que ten a maior porcentaxe de Tecores xestionados por entidades de caza federadas** (71 dos 73 existentes), seguida de Lugo con 138 dos 147, A Coruña con 111 dos 122 e en Ourense están administrados por sociedades federadas 60 dos 109 que hai na provincia.


Os 451 Tecores (no que se inclúe o municipal) abranguen, como xa se dixo, unha **superficie cinexética de 2.645.013,24 has.** Dela, o **86% corresponde á superficie dos Tecores xestionados por entidades federadas** e preto do 14% aos Tecores doutras asociacións.



Explotacións cinexéticas.

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais hai **7,5 por cada 100 Tecores**, o que reflicte a escasa transcendencia social desta figura cinexética en Galicia, ratificándose que o tipo de caza que se practica nesta Comunidade é a caza social, pois practicamente a totalidade desta actividade desenvólvese en Tecores xestionados por sociedades de cazadores *sen ánimo de lucro*.


As 34 explotacións cinexéticas comerciais comprenden unha superficie de **13.665,15 has.**



Ourense é a provincia con maior número de explotación (11) e tamén con maior superficie (5 de cada 10 has. do total acoutado en explotacións en Galicia están nesta provincia), cunha media de superficie por explotación de 582 has. Na parte oposta sitúase Coruña con 4 explotacións pero sen embargo, despois de Ourense, é esta a provincia onde está a media máis alta de superficie por explotación con 504 has. En Pontevedra hai 10 explotación cunha superficie media de 280 has. e en Lugo hai 9 cunha media de 271 has.

Zonas de aproveitamento cinexético común.

Ademais dos terreos de aproveitamento cinexético especial (Tecores e explotacións) hai na CCAA **77 zonas libres** para practicar a actividade cinexética, que abranguen unha **superficie total de 167.757,61 has.** Delas, 26 sitúanse de A Coruña, 8 na de Lugo, 17 na de Ourense e 26 na de Pontevedra, e é precisamente a provincia de Pontevedra a que ten a maior extensión en zonas libres.



As entidades deportivas federadas e os terreos cinexéticos.

RESUMO:

- 473 entidades deportivas están afiliadas á FGC.
- 399 sociedades de caza federadas xestionan de xeito directo (ou compartido) o 84% dos Tecores de Galicia, e outras 74 son clubs de agility, arco, cans, cetraría, field target, paxariles, tiro e peñas de caza maior.
- 450 Tecores de asociacións sen ánimo de lucro, 1 de titularidade municipal, 34 explotacións cinexéticas comerciais (administradas por empresas ou outros suxeitos mercantís) e 77 zonas libres, é o terreo que teñen os cazadores galegos para practicar a actividade cinexética.
- Por cada 100 Tecores hai 7,5 explotacións cinexéticas comerciais.
- 2.826.436,00 has. é a superficie cinexética que abranguen os Tecores, zonas libres e explotacións, é dicir o 96% do total da superficie da CCAA é terreo cinexético.
- O 94% da superficie cinexética está acoutada en Tecores, dela o 86% corresponde os Tecores de sociedades federadas e o 14% a Tecores doutras asociacións.
- As 77 zonas libres ocupan o 6% da superficie cinexética.
- As explotacións cinexéticas non chegan ao 1% da superficie cinexética da CCAA.

A caza maior

A caza maior

A falta de datos oficiais que permitan avaliar a situación cinexética da caza menor en Galicia, agás no caso do aproveitamento do paspallás que se realiza nos Tecores da antiga lagoa de Antela (Ourense), neste apartado **examinarase a situación da caza maior, cada vez máis frecuente entre os cazadores da Comunidade. A diminución das principais especies da caza menor e o aumento das poboacións da caza maior fixo que unha maioría dos cazadores da menor se reconverteran á maior, pero o problema da caza menor persiste e faise necesaria unha análise profunda da súa situación con plans de recuperación axeitados a cada territorio.**

Por tanto neste apartado analizaranse os **cupos e capturas dos principais animais de caza maior, a súa incidencia nos accidentes de tráfico e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de Tecores** que deben afrontar cuantiosos custos de seguros para facer fronte á responsabilidade civil que puidera derivarse dos sinistros provocados pola fauna cinexética na seguridade viaria.

1. CUPOS E CAPTURAS DA CAZA MAIOR.

Na tempada 2021/22, última da que se dispón de datos actualizados, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **autorizou un cupo total de caza maior de de 33.845 animais, dos que se cobrou o 64%, quedando un excedente de 12.205 animais.**

O cupo máis alto, obviamente, correspondía ao xabaril pero tamén foi **no caso deste animal onde se produciu a porcentaxe máis alta de capturas, cobrándose o 76% do seu cupo** autorizado, síguelle o cervo do que se cazou o 36% do cupo, mentres que de corzo capturáronse o 34% dos animais autorizados e de cabra montés o 23%.

Por provincias, en **A Coruña cobrouse o 76% do cupo total de animais autorizados nesa provincia**, en Pontevedra o 67%, en Lugo o 62% e en Ourense o 60%, quedando un sobranse de animais sen cazar do 36% (12.205 animais)

	CUPO	CAPTURAS	Remanente	% capturas s/cupo
XABARIL	24.328	18.397	5.931	76%
CORZO	8.773	3.003	5.770	34%
CERVO	652	237	415	36%
MUFLÓN	55	0	55	0%
CABRA MONT	13	3	10	23%
GAMO	24	0	24	0%
TOTAL	33.845	21.640	12.205	64%

	Xabaril		Corzo		Cervo		Mufón		Gamo		Cabra montés		TOTAL		% Capturas s/cupo Provincia	Animais excedentes
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
Coruña	3.922	3.632	1.663	602	154	113	0	0	0	0	0	0	5.739	4.347	76%	1.392
Lugo	8.722	6.403	2.853	815	61	17	0	0	0	0	0	0	11.636	7.235	62%	4.401
Ourense	9.071	6.529	3.936	1.442	437	107	55	0	24	0	13	3	13.536	8.081	60%	5.455
Pontevedra	2.613	1.833	321	144	0	0	0	0	0	0	0	0	2.934	1.977	67%	957
L	24.328	18.397	8.773	3.003	652	237	55	0	24	0	13	3	33.845	21.640	64%	12.205
% capturas s/cupo	76%		34%		36%		0%		0%		23%		64%			
Animais excedentes	5.931		5.770		415		55		24		10		12.205			

Entre a tempada 2011/12 e a actual lévanse **cazado en Galicia máis de 232.000 animais de caza maior, e deles de 8 de cada 10 foron xabaris.**



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



	XABARIL		CORZO		CERVO		MUFÓN		CABRA MONTÉS		TOTAL TEMPADA		% capturas s/cupo TEMPADA
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 2021/2022	24.328	18.397	8.773	3.003	652	237	55	0	13	3	33.821	21.640	64%
Tempada 2020/2021	21.429	17.827	8.921	2.590	490	82	16	0			30.856	20.499	66%
Tempada 2019/2020	20.393	17.516	6.544	1.964	388	112	55	0			27.380	19.592	72%
Tempada 2018/2019	18.867	15.157	10.406	4.349	641	162	55	0			29.969	19.668	66%
Tempada 2017/2018	17.167	15.795	9.646	4.872	549	173	57	0	13	0	27.432	20.840	76%
Tempada 2016/2017	17.460	15.183	10.116	4.850	479	177	15	0	13	1	28.083	20.211	72%
Tempada 2015/2016	17.557	14.850	11.472	7.720	503	222	15	1	13	1	29.560	22.794	77%
Tempada 2014/2015	18.127	13.841	10.991	5.806	487	175	105	1	13	12	29.723	19.835	67%
Tempada 2013/2014	17.939	15.043	11.104	6.412	573	209					29.616	21.664	73%
Tempada 2012/2013	18.591	15.215	11.576	7.510	669	149					30.836	22.874	74%
Tempada 2011/2012	17.042	14.864	10.717	7.548	324	146					28.083	22.558	80%
	208.900	173.688	110.266	56.624	5.755	1.844	373	2	65	17	325.359	232.175	71%
	83%		51%		32%		1%		26%		71%		

No período anterior, a porcentaxe de xabaris cobrados respecto ao cupo autorizado nesas tempadas foi de 9 de cada 10 en A Coruña e Lugo, e 8 de cada 10 en Ourense e Pontevedra.

Xabaril: evolución de cupos e capturas de 2011 a 2022

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 21/22	3.922	3.632	8.722	6.403	9.071	6.529	2.613	1.833	24.328	18.397	76%
Tempada 20/21	3.650	3.672	7.196	5.968	8.296	6.135	2.287	2.052	21.429	17.827	83%
Tempada 19/20	3.079	3.265	7.186	6.361	7.891	6.152	2.237	1.738	20.393	17.516	86%
Tempada 18/19	2.841	2.887	7.172	6.357	7.018	4.460	1.836	1.453	18.867	15.157	80%
Tempada 17/18	2.732	2.534	6.900	6.310	5.670	5.534	1.865	1.417	17.167	15.795	92%
Tempada 16/17	2.700	2.227	6.505	6.147	6.412	5.431	1.843	1.378	17.460	15.183	87%
Tempada 15/16	2.629	1.997	6.077	6.350	6.928	5.186	1.923	1.317	17.557	14.850	85%
Tempada 14/15	2.534	2.148	6.767	5.246	6.864	5.165	1.962	1.282	18.127	13.841	76%
Tempada 13/14	2.444	2.267	6.512	5.673	6.979	5.609	2.004	1.494	17.939	15.043	84%
Tempada 12/13	2.297	2.363	6.064	5.732	8.206	5.363	2.024	1.757	18.591	15.215	82%
Tempada 11/12	2.323	2.008	5.997	5.596	6.798	5.642	1.924	1.618	17.042	14.864	87%
TOTAL de 2011/2022	31.151	29.000	75.098	66.143	80.133	61.206	22.518	17.339	208.900	173.688	83%
% capturas s/cupo 2011/2022 Provincia	93%		88%		76%		77%		83%		

O seguinte animal en maior número de capturas foi o corzo, cazándose máis da metade do cupo autorizado entre 2011 e 2022.

En A Coruña cobráronse 7 de cada 10 corzos, 5 de cada 10 en Lugo e Ourense e en Pontevedra 6 de cada 10.

Corzo: evolución de cupos e capturas de 2011 a 2022

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 21/22	1.663	602	2.853	815	3.936	1.442	321	144	8.773	3.003	34%
Tempada 20/21	1.640	703	3.114	1.005	3.935	781	232	101	8.921	2.590	29%
Tempada 19/20	1.221	535	2.850	608	2.263	744	210	77	6.544	1.964	30%
Tempada 18/19	1.802	962	4.308	1.444	4.055	1.787	241	156	10.406	4.349	42%
Tempada 17/18	1.841	1.114	4.240	1.250	3.312	2.318	253	190	9.646	4.872	51%
Tempada 16/17	2.036	1.257	4.110	1.215	3.735	2.215	235	163	10.116	4.850	48%
Tempada 15/16	2.077	1.355	5.356	3.877	3.832	2.380	207	108	11.472	7.720	67%
Tempada 14/15	2.086	1.533	4.954	2.015	3.720	2.131	231	127	10.991	5.806	53%
Tempada 13/14	2.104	1.701	5.187	2.329	3.620	2.261	193	121	11.104	6.412	58%
Tempada 12/13	1.974	1.819	4.740	3.167	4.693	2.404	169	120	11.576	7.510	65%
Tempada 11/12	2.130	1.884	4.957	3.273	3.460	2.241	170	150	10.717	7.548	70%
TOTAL de 2011/2022	20.574	13.465	46.669	20.998	40.561	20.704	2.462	1.457	110.266	56.624	51%
% capturas s/cupo 2011/2022 Provincia	65%		45%		51%		59%		51%		

Do cervo cobrouse un terzo do cupo autorizado, **7 exemplares de cada 10 en A Coruña, 3 en Lugo e 2 en Ourense** (en Pontevedra non se caza este animal).

Cervo: evolución de cupos e capturas de 2011 a 2022

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 21/22	154	113	61	17	437	107	0	0	652	237	36%
Tempada 20/21	140	9	66	13	284	60	0	0	490	82	17%
Tempada 19/20	98	64	64	11	226	37	0	0	388	112	29%
Tempada 18/19	113	82	74	23	454	57	0	0	641	162	25%
Tempada 17/18	125	83	52	4	372	86	0	0	549	173	32%
Tempada 16/17	114	79	50	11	315	87	0	0	479	177	37%
Tempada 15/16	99	81	31	15	373	126	0	0	503	222	44%
Tempada 14/15	94	62	34	13	359	100	0	0	487	175	36%
Tempada 13/14	84	69	46	20	443	120	0	0	573	209	36%
Tempada 12/13	63	47	37	10	569	92	0	0	669	149	22%
Tempada 11/12	62	53	29	9	233	84	0	0	324	146	45%
TOTAL de 2011/2022	1.146	742	544	146	4.065	956	0	0	5.755	1.844	32%
% capturas s/cupo 2011/2022 Provincia	65%		27%		24%		0%		32%		


2. SEGUROS DE COTOS E ACCIDENTES DE TRÁFICO POR ESPECIES CINEXÉTICAS.

Durante o ano 2022 **184 Tecores** xestionados por entidades de caza federadas tiñan concertado o seguro de **responsabilidade civil de cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC**.

6 de cada 10 Tecores de sociedades federadas da provincia de Lugo están asegurados a través da FGC. En A Coruña estano 5 de cada 10, en Pontevedra 4 de cada 10 e en Ourense 2 de cada 10.

A media de sinistros nos Tecores das sociedades federadas que están aseguradas a través da FGC foi de **0,57 accidentes por Tecor**, pero hai que ter en conta que esta mostra só representa ao 41% dos Tecores existentes na CCAA e polo tanto non se pode extrapolar a tódolos Tecores. De feito, os datos da Dirección Xeral de Tráfico (DXT) sobre os accidentes ocasionados polos animais de caza na seguridade viaria,

como se verá nas seguintes páxinas, amosan unha taxa de sinistralidade **10 veces superior á que se da entre os Tecores asegurados a través da FGC**, posiblemente debido a que algúns dos Tecores que están fora da mostra teñen unha incidencia máis alta de sinistralidade, ou que o sinistro é responsabilidade do titular da vía pública, ou que non é imputable a unha sociedade de caza (se non se levou a cabo unha acción de caza colectiva de caza maior o mesmo día do accidente ou doce horas antes), entroutros factores.




	Tecores entidades federadas	SEGUROS RC TECOR			% Tecores asegurados	SINIESTROS RC TECOR			Media siniestros Tecor
		Mutuasport	Outras CIAS	TOTAL PÓLIZAS		Mutuasport	Outras CIAS	TOTAL SINIESTROS	
CORUÑA	115	42	15	57	50%	38	9	47	0,82
LUGO	144	10	75	85	59%	1	41	42	0,49
OURENSE	60	5	4	9	15%	1	5	6	0,67
PONTEVEDRA	80	5	28	33	41%	0	10	10	0,30
TOTAL	399	62	122	184	46%	40	65	105	0,57

Accidentes de tráfico por animais cinexéticos.

Durante 2022, segundo a DXT rexistráronse en Galicia **5.431 accidentes de circulación producidos por animais, dos que 4.759 foron provocados pola fauna cinexética e os 672 restantes por outro tipo de animais** (caninos, caprinos, equinos, felinos, ovinos, vacún, outros non identificados, e o lobo), é dicir **9 de cada 10 accidentes de tráfico provocados por animais foron causados por especies cinexéticas**.

Aínda que os siniestros producidos polos cans non se contabilizan como accidentes producidos polos animais cinexéticos, si é significativo o número de accidentes provocados por este animal, 372 siniestros na seguridade viaria.




De cada **10 accidentes de circulación producidos pola fauna cinexética, 7 foron provocados polo xabaril, e 2 polo corzo e polo raposo**.

Este ano a **sinistralidade máis alta produciuse nas estradas da provincia de Ourense**, superando a Lugo, provincia na que durante os últimos anos víñase rexistrando a maior taxa deste tipo de accidentes.

	Xabaril	Corzo	Cervo	Raposo	Outros animais cinexéticos (coellos, lebres, gamo, rebeco, e outros)	TOTAL SINISTROS POR ANIMAIS CINEXÉTICOS	% Acctes provincia				
CORUÑA	907	151	4	36	5	1.103	23,18%	TOTAL TECORES (federados e non federados)	ACCTES TRÁFICO	Media Sinistros por Tecor	
LUGO	935	444	2	30	11	1.422	29,88%				
OURENSE	1.088	361	3	24	6	1.482	31,14%				
PONTEVEDRA	616	98	5	26	7	752	15,80%				
TOTAL	3.546	1.054	14	116	29	4.759					
% Accidentes / animal	74,51%	22,15%	0,29%	2,44%	0,61%	100%		CO	122	1.103	9,04
								LU	147	1.422	9,67
								OU	109	1.482	13,60
								PO	73	752	10,30
									451	4.759	10,55

Ao cotexar o número de accidentes co número de Tecores existentes na CCAA, resultaría unha **media de 11 sinistros por cada Tecor**. Sen embargo, como se explicou na páxina anterior, elo non significa que en tódolos casos os accidentes producidos pola fauna cinexética foran imputables ás sociedades titulares de Tecor.

Entre os anos 2010 e 2022, tomando como referencia os sinistros producidos polo **xabaril, corzo, cervo e raposo** (obviando os datos residuais doutros animais de caza, e do lobo ao non ser actualmente especie cinexética) **pasouse dos 1.879 accidentes do ano 2010 aos 4.730 actuais**.





Caza maior.

RESUMO:

- **18.397 xabarís, 3.003 corzos, 237 cervos e 3 cabras montés**, foron os animais de caza maior que se cazaron durante a tempada 2021/22.
- **4.759 foron os sinistros de circulación producidos pola fauna cinexética.**
- **7 de cada 10 accidentes na seguridade viaria foron causados polo xabaril**, e 2 de cada 10 polo corzo e polo raposo.
- **3 de cada 10 accidentes de tráfico foron nas estradas da provincia de Ourense.**
- **41% dos Tecores das sociedades de caza federadas teñen o seguro de RC de Tecor en Mutuasport ou noutras CIAS aseguradoras a través da FGC.**
- **11 sinistros por Tecor** é a media de accidentes de tráfico orixinados pola fauna cinexética. Entre os Tecores asegurados a través da FGC a media foi de de 0,57 por Tecor.

A FGC ao servizo dos seus afiliados

Formación do cazador: cursos de caza

A aula virtual da Escola de Caza acollía durante o mes de outubro unha nova convocatoria dos cursos de **Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética** e de **Formación de responsables de sociedades de caza**.

A formación sobre **Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética** abordaba a **seguridade na caza e os primeiros auxilios**, co obxecto formar ás persoas responsables da cazaría e cazadoras en xeral na prevención e seguridade durante a práctica cinexética, así como instruílas nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poder auxiliar a un compañeiro ou calquera persoa enferma ou lesionada.


No curso de **Formación de responsables de sociedades de caza** plantexábase a **xestión interna e administrativa** destas entidades coa finalidade de preparar ás persoas directivas na xestión á que deben facer fronte no seu día a día.

Nesta convocatoria **matriculáronse 292 persoas**, 108 máis que na pasada edición.

Os alumnos matriculados podían optar por realizar ou non o cuestionario de avaliación final para valorar os coñecementos adquiridos. O cuestionario consistía en 50 preguntas tipo test sobre a materia impartida en cadaun dos cursos, debendo responder correctamente ao 60% da preguntas nun tempo máximo de 45 minutos para resultar APTO.

ALUMNOS MATRICULADOS POR PROVINCIA			
	Seguridade na caza e primeiros aux.	Xestión interna e admnda dunha sdade.	TOTAL
CORUÑA	51	45	96
LUGO	42	41	83
OURENSE	34	27	61
PONTEVEDRA	27	23	50
OUTRAS	1	1	2
	155	137	292

7 de cada 10 alumnos matriculados (207) presentáronse á avaliación final, resultando APTOS 197. É dicir o 95% dos que se someteron ao exame superárono, obtendo así a correspondente certificación de aproveitamento da formación de 30 horas lectivas.



PERFIL DOS ALUMNOS:

Persoa entre 41 e 65 anos
Cazador, socio dunha sociedade de caza
Directivos de asociacións de caza
Responsables de cazaría
Persoal administrativo
Xestores cinexéticos
Estudantes
Gardas
Profesores

Ao final dos cursos pasouse unha enquisa aos alumnos para que, de xeito voluntario e anónimo, responderan a unhas preguntas sobre a materia e formación impartida, coa finalidade de coñecer o seu grao de satisfacción.

9 de cada 10 participantes na consulta manifestaron ter acadados os obxectivos que agardaban, e todos os participantes recomendarían realizar os cursos.

Á pregunta **¿Como se enterou do curso?**:

8 persoas de cada 10 manifestaron que a través da FEDERACIÓN, 2 de cada 10 dixeron que a través dun compañeiro.

Preguntado **¿Como atopou o contido do curso?**:

7 de cada 10 opinaron que MOI ÚTIL e 3 de cada 10 atopárono aconsellable.

Consultado **¿Resolveu as súas dúbidas?**:

Preto de 7 de cada 10 sinalaron telas resoltas TOTALMENTE, 3 de cada 10 dixeron que nalgúns casos e 1 persoa contestou que case nunca as resolveu.

Preguntado **¿Acadou os obxectivos que agardaba?**:

9 persoas de cada 10 responderon que SI e 1 de cada 10 sinalaron telos acadados de xeito parcial.

E por último, á pregunta **¿Recomendaría o curso?**:

Todas as persoas que participaron na enquisa contestaron que SI.

Asesoría xurídica

Os cazadores federados e as sociedades de caza afiliadas á FGC dispoñen dunha **asesoría xurídica gratuita** a cargo dunha letrada experta en lexislación cinexética e deportiva.



O asesoramento xurídico ás sociedades e aos cazadores federados **abrange todo tipo de informes sobre aspectos legais tanto a nivel administrativo, como cinexético ou deportivo.**

Durante o ano 2022 os servizos xurídicos da FGC realizaron **481 trámites, unha media de 40 informes mensuais.**

7,5 de cada 10 informes emitidos pola asesoría xurídica corresponden a asesoramento e respostas a consultas externas das sociedades e cazadores federados, que abranguen respostas a consultas técnicas, achegas a denuncias de expedientes de caza, revisión de estatutos e regulamentos, así como expedientes e conciliacións entre socios e sociedades.

TIPO DE INFORMES TÉCNICO-XURÍDICOS



Os **informes técnicos realizados a instancias da FGC representaron a cuarta parte do traballo do gabinete xurídico.** Este ano unha boa parte do seu traballo foi motivado polo proceso electoral, ademais dos asuntos habituais de revisión de convenios, contratos e outros procedementos internos, así como elaboración de informes técnicos de toda índole (lexislativa, federativa, deportiva, cinexética, teleco, etc.), **conseguido resolverse favorablemente este ano toda a problemática sucedida desde 2018 coa aseguradora Caser polo rexeitamento de sinistros dos Tecores das sociedades de caza que estaban aseguradas con esta entidade a través de Grupo Mayo, así como rematar satisfactoriamente un procedemento xudicial do 2021 no que estaba implicado un federado.**

No período comprendido entre 2013 e 2022 a **asesoría xurídica emitiu unha media de 670 informes anuais, dos que 60% correspondían a informes externos realizados ás sociedades de caza e aos cazadores federados.**

	Ano 2022	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Total período 2022-2013	Media de informes anuais (2022-2013)
Respostas e informes consultas de sociedades de caza, expedientes e conciliacións entre socios-sdades	196	218	163	201	141	196	222	254	187	194	1.972	197
Respostas e informes a consultas de cazadores federados	74	79	122	132	85	100	123	130	136	50	1.031	103
Achegas a expedientes de denuncias de caza sociedades e cazadores	92	103	73	70	74	95	94	157	146	143	1.047	105
Informes técnicos FGC e outros	115	223	230	254	231	323	243	161	272	179	2.231	223
Tribunais	4	55	50	48	28	23	81	99	0	0	388	39
	481	678	638	705	559	737	763	801	741	566	6.669	667
% INFORMES EXTERNOS (sociedades e federados)	75%	59%	56%	57%	54%	53%	58%	68%	63%	68%	61%	

Emisoras de radiofrecuencia

O uso de emisoras de radiofrecuencia é unha **ferramenta para a seguridade dos cazadores durante a práctica da actividade cinexética**. De feito, o uso deste tipo de dispositivos na caza ademais de brindar unha mellor coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas, aporta seguridade e reducen notablemente o risco de incidentes e accidentes.


Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a **FGC conta cunha rede exclusiva de frecuencias autorizadas por Telecomunicacións para o uso de emisoras na actividade cinexética** nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o ano 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza. En total **33 frecuencia para uso privativo dos federados (calquera outra persoa non autorizada pola FGC non pode instalar ou explotar ditas frecuencias, sendo denunciante e, no seu caso, sancionable o seu uso sen a correspondente autorización federativa)**.



Na actualidade están autorizadas a usar as frecuencias da FGC **10.763 emisoras de cazadores federados, 49% de ámbito autonómico e 51% de ámbito provincial**.

Desde que se implementou a *licenza de emisora* de ámbito autonómico (ano 2014) ata a actualidade, **os federados optaron maioritariamente polas de uso autonómico agás na provincia de Lugo onde son principalmente de ámbito provincial**, estando actualmente unhas e outras practicamente á par.

	Uso Provincial	Uso Autonómico	Total Licenzas de uso de Emisoras
CORUÑA	779	2.718	3.497
LUGO	4.340	497	4.837
OURENSE	227	771	998
PONTEVEDRA	150	1.281	1.431
	5.496	5.267	10.763




Club de Descontos

O club de descontos exclusivo para cazadores federados ten por **obxecto facilitar aos cazadores federados os mellores descontos e ofertas nos artigos e servizos que estes precisen para a práctica da actividade cinexética e deportiva.**



O 2022 pechábase con **100 establecementos adheridos ao club de descontos.**

Os psicotécnicos e as clínicas médicas representan case a metade dos establecementos que realizan descontos exclusivos aos federados, pero tamén hai centros auditivos, de fisioterapia, clínicas dentais, veterinarias, alimentación canina, armerías, deportes e outro equipamento, gasolineras, hoteis, restaurantes, servizos de gardas de caza, servizos ambientais, laboratorios de análise de carne de caza, revistas especializadas, axencias de viaxe, reparación de vehículos e aluguer de caravanas, tendas de trofeos, asesorías e mesmo unha escola de droms, entroutros.



44 dos 100 establecementos están ubicados na provincia de A Coruña, 31 na de Pontevedra, 8 na de Ourense e 7 na de Pontevedra, pero tamén hai 5 establecementos de ámbito autonómico, 1 de ámbito nacional e 4 situados fóra da CCAA.



Asesoría veterinaria e trámites REGIAC


Os cazadores federados dispoñen dun **servizo veterinario para realizar todas as xestións que os propietarios de cans teñen que facer obrigatoriamente para manter actualizados os datos dos seus animais no REGIAC** (Rexistro Galego de Animais de Compañía), agás as altas de animais non identificados e os seus microchips.




REGIAC
Rexistro Galego de Identificación
de Animais de Compañía

O gabinete veterinario inclúe tamén o **asesoramento aos federados sobre calquera cuestión veterinaria ou de sanidade animal**, respondendo a todas aquelas consultas que os cazadores lle formulen, funcionando de xeito semellante á asesoría xurídica,

Durante o 2022, o servizo veterinario realizou **476 trámites ante o REGIAC, unha media de 40 xestións mensuais, maioritariamente baixas de cans** pero tamén se realizaron consultas dos animais que ten de alta o propietario, cambio de dono, altas noutras CCAA e duplicados por extravío do pasaporte.



Os federados da **provincia de Pontevedra foron os que máis utilizaron os servizo para facer as súas xestións no REGIAC**, 194 trámites foron de cazadores desta provincia, seguido dos das provincias de A Coruña e Lugo, con 128 e 119, respectivamente, e por último os de Ourense con 35.



Xuventudes pola caza.

O colectivo xuvenil das **Xuventudes pola Caza**, integrado por **1.437 mozas e mozos menores de 31 anos**, continuou coa divulgación da actividade cinexética **nos centros de ensino e entre a poboación máis xuvenil, impartindo conferencias sobre a caza e participando co simulador de tiro en distintos eventos para promocionar a caza entre a xuventude.**



O 21 de febreiro impartían unha charla sobre "*As modalidades de caza, tipos de terreos cinexéticos, razas de cans e tipos de armas e municións*" aos **alumnos de ciclo medio de Xestión Forestal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán, en Pontevedra**, onde repetirían uns días máis tarde pero nesta ocasión cos alumnos do **ciclo superior**.



O 4 de abril participaban co Simulador de Tiro na "**Semana Forestal**" da **Escola de Enxeñería Forestal da UVI** no campus de Pontevedra.



Entre os días 2 e 5 de xuño, con motivo da **Feira Semana Verde de Galicia**, achegábanse ao recinto Feiral de Silleda co Simulador de Tiro, que facía as delicias do público visitante.

Entre os días 16 a 19 de xuño, con motivo da celebración do **Campionato de Europa de Compak Sporting** achegaban o Simulador ás instalacións da SD Rio Sar, en Trazo (A Coruña), que tivo unha extraordinaria acollida tanto entre os tiradores que participaban na competición como entre os seus acompañantes.



Remataban a súa actividade anual, o día 6 de outubro no **Tecor da Sociedade de Caza A Fornelense**, a onde se desprazaban cos alumnos do **ciclo medio de Xestión Forestal do CFEA de Lourizán para impartir unha clase práctica** sobre o funcionamento dos parques de voo de perdiz e biotopos, ao tempo que



aproveitando que era día de **adestramento** explicaban aos alumnos a forma de caza das diferentes razas de cans (podencos, cans de mostra).

A comunicación da FGC cos seus afiliados

A repercusión do deporte cinexético apenas ten eco nos medios xerais, salvo noticias moi puntuais, polo que os cazadores adoitan informarse da actualidade federativa, deportiva e cinexética a través das canles de comunicación da FGC: **páxina web, redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, YouTube) e revista Galicia Cinexética.**

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com




PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS.

Páxina web www.federaciongalegadecaza.com



As visitas mantéñense.

Con 74.984 visitas absolutas no 2022, **prodúcese un lixeiro descenso do 6,57%** respecto ao ano anterior, o que supón unha estabilización dentro do rexistro histórico de visitas, que se mantén constante ao longo dos anos.



Como se observa na gráfica que amosa as visitas absolutas dos dez últimos anos, as visitas á web da FGC seguen estables, **pese á lixeira baixada a partir do ano 2016 con motivo do auxe das redes sociais**, que se converteron en punto de información suficiente para moitos cazadores galegos, que xa non necesitaban acudir necesariamente á páxina web para estar ao tanto das informacións federativas.

Seguros, licenzas e emisoras.


Quedan claros cales son os principais termos de información que desexan atopar os visitantes da páxina web. Informarse sobre os seguros da federación, sobre as licencias federativas e sobre os permisos de emisora, como reflicten os resultados de procuras internas. Tamén cabe destacar a procura da palabra "raposo", claro reflexo da popularidade desta disciplina deportiva.

	432 % del total: 100,00 % (432)	1,35 Media de la vista: 1,35 (0,00 %)	18,52 % Media de la vista: 18,52 % (0,00 %)	30,02 % Media de la vista: 30,02 % (0,00 %)	00:02:32 Media de la vista: 00:02:32 (0,00 %)	2,85 Media de la vista: 2,85 (0,00 %)
1. Seguro	7 (1,62 %)	1,14	0,00 %	37,50 %	00:03:55	4,43
2. Emisora	6 (1,39 %)	1,17	0,00 %	14,29 %	00:01:23	1,50
3. Seguros	6 (1,39 %)	1,17	16,67 %	42,86 %	00:02:40	2,67
4. Licencia	5 (1,16 %)	1,20	80,00 %	16,67 %	00:00:32	1,20
5. raposo	5 (1,16 %)	1,80	40,00 %	0,00 %	00:01:00	2,20
6. seguros	5 (1,16 %)	1,40	0,00 %	42,86 %	00:03:14	3,80
7. Agility	4 (0,93 %)	1,25	50,00 %	0,00 %	00:00:23	0,75
8. cursos	3 (0,69 %)	1,00	0,00 %	33,33 %	00:00:53	0,67
9. Emisoras	3 (0,69 %)	1,33	0,00 %	0,00 %	00:02:12	1,33
10. Examen	3 (0,69 %)	1,00	0,00 %	0,00 %	00:00:33	1,67

Trámite online de licenzas federativas e DU.




O servizo de tramitación automatizado de licenzas federativas e documentos únicos segue a ser unha das ferramentas máis empregadas da páxina web da FGC. Se ben a actividade neste ano non foi tan significativa como no 2020, motivada lóxicamente polas circunstancias creadas pola pandemia do COVID-19 e o confinamento, o 2022 remarca a clara tendencia a usar cada vez máis este servizo por parte dos federados.



En total, foron 527 as persoas que usaron este servizo no 2022, sendo 121 para o trámite de licencia federativa e 406 as que tramitaron un documento único (licencia federativa + seguro de caza), **supoñendo un 2,68% da produción total da FGC neste ano.**

As redes sociais.



Segue a medrar o número de seguidores nas redes sociais. Especialmente **Facebook**, a **principal plataforma de comunicación entre os federados**, chegando a **5.912 seguidores**, exactamente **1.000 seguidores máis que o ano anterior**, o que supón un **incremento dun 20,36% respecto ao ano anterior**. Este número mantén á FGC no **3º posto nacional entre as Federacións Autonómicas de Caza**, sendo Andalucía e Estremadura, con 25 mil e 18 mil seguidores nestas redes, as dominadoras neste ámbito.

Medra moi lixeiramente o número de seguidores en **Twitter**, unha rede social que ten moi pouca implantación no colectivo cinexético, **ata chegar aos 1.234**, supoñendo un **aumento do 1,56%**. Nesta rede a FGC ostenta o **5º posto nacional de Federacións Autonómicas de Caza**, onde de novo dominan Andalucía e Estremadura e superan lixeiramente á FGC (con arredor de 1500 seguidores) as federacións de Castela e León e Castela A Mancha.

Cabe salientar **a gran acollida que tivo a chegada da FGC á rede social Instagram, onde son xa preto de 400 os seguidores**. A Federación arrincaba a súa conta nesta rede no 2022, coa intención de darlle un prisma lixeiramente distinto ao das outras redes, con publicacións menos habituais e centradas en imaxes que polo seu atractivo, relevancia ou impacto teñan maior protagonismo nesta rede, que semella conta con bastante implantación no sector cinexético.

As publicacións máis relevantes en Facebook.

Contenido recente 14	Tipo	Alcance
19 nov 2022	Promoción no d	334
Un atropelo de lei 9 nov 2022	Promoción no d	336
Acordos da reunión da Xunta Electoral da FGC, celebrada no día de onte. Máis información en: https://www.feder... 17 nov 2022	Publica ción	372
Rexeitadas tamén dende Europa o proxecto da Lei Animalista e Reforma do Codigo Penal 18 nov 2022	Promoción no d	377
Nacional de San Huberto 28 oct 2022	Promoción no d	453
Coa participación dos xóvenes cazadores galegos! 24 nov 2022	Promoción no d	512
Un clamor social ante unha lei animalista 🚫 Desexamos todo o benestar para os nosos cans e tamé desexam... 10 sep 2022	Promoción no d	522
A Xunta Electoral da FGC, en reunión celebrada no día de hoxe, vén de aceptar e publicar a listaxe provisional de cand... 8 nov 2022	Publica ción	531
Comunicado da RFEC 13 dic 2022	Promoción no d	547

Galicia cinexética e www.galiciacinexetica.com

Durante o 2022, a revista ***Galicia Cinexética*** editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando **12 publicacións** comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 156 ao 167.



www.galiciacinexetica.com

Neste período, Galicia Cinexética mantivo o seu **carácter informativo e de formación para o cazador galego, facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético na Comunidade.**

Durante este ano Galicia Cinexética seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, **mantendo a súa páxina web galiciacinexetica.com** e estando **con máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.**

As páxinas de Galicia Cinexética, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

Para o próximo ano Galicia Cinexética optará por unha renovación, pasando a **formato de edición trimestral pero incrementado en máis dun 40% o número de páxinas actuais.** Ao incremento de páxinas sumaráse **un novo modelo de contidos, con información que non se atopará na internet, baseada na formación do cazador, na opinión e nas ferramentas necesarias para unha mellor xestión cinexética.**



Gabinete de comunicación da FGC.

Como ocorreu en anos anteriores, o pulo da internet segue a ser unha das canles actuais máis destacadas da comunicación federativa. **A interconexión entre os gabinetes de comunicación das federacións autonómicas coa RFEC e Mutuasport incrementou a súa actividade.** Son, e foron, numerosas as reunións periódicas que se celebran entre estes gabinetes de comunicación. Nestas xuntanzas **elabóranse e coordínanse plans de acción conxuntos, así como diferentes campañas de difusión para federados e mutualistas.**

Esta interconexión entre FFAAs, Mutuasport, Artemisan e RFEC acrecéntase coa creación e participación activa e instantánea de dous grupos de WhatsApp: "Prensa Federaciones" e "Mutuasport".

Radio Nova: Caza e Natureza.

Os cazadores tamén contan para informarse da actualidade co espazo **Caza e Natureza** que se emite semanalmente tódolos luns (reemitíndose os sábados e domingos) en **Radio Nova**, único especializado do sector que se radiodifunde, dirixido por Francisco Couselo, que se reproduce no Facebook da FGC.



A FGC ao servizo dos seus afiliados.

RESUMO:

- **292 alumnos participaron** na última convocatoria dos cursos de **formación de Responsables de Sociedades de Caza e de Prevención da Sinistralidade e Seguridade na Práctica Cinexética**, impartidos pola FGC de xeito totalmente gratuito a través do campus virtual da súa Escola de Caza.
- **O 75% dos trámites que realiza a asesoría xurídica da FGC corresponden** asesoramento, alegacións a denuncias e respostas a consultas externas formuladas por sociedades e federados.
- **10.763 son as emisoras de cazadores federados autorizadas a usar as frecuencias da FGC.** Delas, o 49% son de ámbito autonómico e o 51% pola de ámbito provincial.
- **100 establecementos están adheridos actualmente ao club de descontos da FGC,** nos que os federados teñen ofertas exclusivas nas compras ou servizos que realizan.
- **476 trámites no REGIAC de consultas, baixas ou modificacións de cans de federados** foron realizados ao longo deste ano polo servizo veterinario da FGC.
- **1.437 mozos e mozas integran as Xuventudes pola Caza,** que este ano continuou coa divulgación da actividade cinexética para promocionar a caza entre a xuventude.
- **75.000 visitas recibiu este ano a páxina web, 6.000 seguidores seguen á FGC no Facebook, 1.234 en Twitter, 400 en Instagram e 11.600 publicacións da revista Galicia Cinexética,** para estar puntualmente informados das novas federativas, deportivas e cinexéticas.

A axenda federativa

A axenda federativa

A axenda deste ano estivo determinada polo proceso electoral á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, que se iniciou o 28 de febreiro coa publicación do censo inicial e rematou o 30 de decembro coa **toma de posesión do novo presidente, Luis Eusebio Fidalgo que recollía a batuta de Javier Nogueira.**

A manifestación do 20-M tamén marcou gran parte do primeiro trimestre do ano pero, ademais, como é habitual sucedéronse as reunións dos diferentes órganos da FGC e as xuntanzas institucionais: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), Secretaría Xeral para o Deporte, Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA), Real Federación Española de Caza (RFEC) e Mutuasport, entroutras, e **as fins de semanas estiveron marcadas polas competicións deportivas**, cunha media de 3 competicións cada fin de semana.

Máis dun **milleiro de cazadores galegos desprazáronse a Madrid para participar na manifestación do 20-M**, en defensa da caza e do rural, maioritariamente en autobuses fretados pola FGC, que congregou na cidade madrileña a máis de 600.000 persoas de toda España, unha das máis numerosas que se recordan na capital.



En abril os cazadores realizaban unha nova **concentración en Madrid diante do MITECO**, nesta ocasión en contra do proxecto de lei de protección, defensa e benestar dos animais.

Ademais das reunións periódicas que se manteñen coa Secretaría Xeral para o Deporte, no mes de xullo o **Secretario Xeral, José Ramón Lete, visitaba as instalacións da FGC** para manter na súa sede un encontro coa xunta executiva.



A FGC mantivo ao longo do ano as reunións habituais cos diferentes departamentos da **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Subdirección de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, Comités de Caza, e Xefaturas Territoriais, entroutros.



Ademais da situación cinexética, un dos temas abordados este ano coa Dirección Xeral Patrimonio Natural, a instancias da FGC, foi a **situación do REGIAC**, en cuxa xuntanza tamén participou o actual presidente do Rexistro Galego de Animais de Compañía.

A FGC como **tesoureira da Unión de Federacións Deportivas Galegas** e, por tanto, como membro da súa xunta directiva participaba nas diferentes xuntanzas e encontros desta entidade para **representar e defender os intereses de tódalas federacións deportivas galegas**.



A principios de ano o presidente da **Real Federación Española de Caza** visitaba á sede da FGC.

Numerosas foron tamén as xuntanzas desta institución ao longo de todo o ano, nas que participou activamente a FGC: Reunións preparatorias da manifestación, encontros para defender os intereses de todos os cazadores españois ante a **problemática do proxecto de lei de protección, defensa e benestar dos animais**, **ademais das reunións ordinarias dos diferentes órganos e comisións dos que forma parte FGC** (control contable e auditoría, xunta directiva, comité interautonómico, comisión delegada, asemblea xeral, comisión técnica e xurídica, comunicación, proxecto coturnix, Artemisan e plataforma de defensa dos silvestrismo, entroutras).





A problemática suscitada pola **lei estatal de benestar dos animais** levou á FGC a solicitar reunións cos deputados galegos de todos os grupos parlamentarios no Congreso, accedendo a este encontro os deputados do Partido Popular de Galicia.

A FGC participa activamente na xestión e no control interno da **Mutua de Seguros Deportivos "Mutuasport"**.



A FGC, a través do seu presidente, forma parte da comisión de auditoría, do consello de administración e da xunta xeral da Mutua, na que tamén están representadas todas as provincias a través dos

seus respectivos presidente ou representantes.



Ademais das xuntanzas anteriores, a FGC mantivo outros encontros con diversas institucións, entre elas, coa **Dirección Xeral do Xacobeo**, co **REGIAC**, co **club de tiro Agarto**, e participou nunha **doazón de carne a Cáritas Lugo**, no **Curso de Persoa Cazadora con Formación** celebrado en Santiago, así como na **Feira Internacional Abanca Semana de Galicia-FECAP** na que estivo presente co stand, simulador de



tiro, exhibicións de arco, agility, cetraría, biotopo, mostra de cans, e competicións de agility, entroutras diversas actividades.



Os diferentes órganos da FGC, antes de encarar a recta final do seu mandato, celebraban as habituais reunións ordinarias do comité de xuíces e árbitros, comisión executiva, xunta directiva, comisión delegada e asemblea.



A xunta directiva disolviase o 18 de xullo, data na que se constituía unha **comisión xestora** que sería o órgano encargado de administrar e xestionar a FGC durante todo o proceso electoral.



No mes de xullo tamén se constituía a **xunta electoral**, que sería a responsable de velar para que o proceso electoral dos novos órganos de goberno e representación se desenvolvese segundo a lexislación electoral e con total transparencia. Un proceso longo e burocrático que fixo que **a Xunta Electoral tivera que reunirse ata en 15 ocasións en menos de 5 meses.**

O 9 de decembro celebrábase a **assemblea constituínte**, tomando posesión do seu cargo os membros electos da comisión delegada máilo novo presidente, Luis Eusebio Fidalgo, o día 30 do mesmo mes.



Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2022